

14 de Febreiro de 2010

*Para ti, soamente para ti*

*Meu amor non é fácil dicirche con palabras o que o meu corazón sente, pero quero tentalo, quero que a través deste papel chegues a comprender a magnitude do meu amor, deste amor que sento por ti.*

*Cando nos coñecemos decidimos percorrer xuntos o camiño da vida, levamos percorrido un pequeno treito e non podo dicir que todo sexa marabilloso, sería bonito que así fose pero iso sería irreal e o amor é real, existe, está a flotar sobre nós.*

*O meu amor é tan real como o é a nosa senda e si é verdade que está chea de fochancas, de costas e baixadas, ás veces non é fácil continuar porque hai días en que a tormenta é tan forte que temo que se desborden os nosos sentimentos e que a auga do meu pranto arrastre a nosa felicidade, pero tamén hai días moi fermosos en que loce o sol e os nosos corazóns están felices, que non hai nubes que embacen os nosos sentimentos nin os nosos desexos e seguimos adiante con toda a nosa forza e paixón.*

*Este amor que sento, fai que calquera deses momentos, alegres ou tristes, sexan a causa para non querer deixar de percorrer ese camiño contigo, con alguén moi especial que cos seus abrazos dáme forza, que cos seus bicos éncheme de tenrura, que coa súa mirada fáiame sentir a muller máis fermosa do mundo.*

*Ámoche a miña vida, ámoche e non quero soñar soños fermosos contigo senón vivir momentos marabillosos ao teu lado.*

*Túa sempre,*

*María*